

# FÍA, FÍA, FÍA NA ROCA

A música galega na Educación Musical (Materiais para 6º Ed. Primaria)

## GUÍA DIDÁCTICA

A práctica musical coa voz, instrumentos e o corpo, é un dos apartados máis salientables da Educación Musical escolar. Tocar instrumentos de fácil manexo, tanto de altura determinada como indeterminada, aproxima ao alumnado ao feito musical como moi poucas outras actividades.

A apreciación das calidades do son a través deles é inmediata, así como a posibilidade de escoitar e executar arranxos sobre músicas de moi diverso tipo.

Por outra banda, o alumnado atópase inmerso nun mundo no que, debido á globalización, corre o risco de perder as súas raíces, as sinais propias de identidade. A música étnica e as súas diferentes visións (especialmente as debidas aos novos enfoques das músicas populares urbanas, moi especialmente do folk) achegan a cada discente á música patrimonial, danlle sentido e sitúano no mundo ao que pertence. Ante o alumnado que provén doutros lugares, implica e dá a benvida ao galego de adopción a través da asunción duns sinais de identidade que, pouco a pouco, cobran novos significados para eles.

A integración da música patrimonial e da práctica musical é o fundamento da creación dos materiais deste curso. En principio, cando deseñamos a primeira edición deste traballo, para 5º curso e no curso 2015-2016, unicamente tratamos de elaborar unha serie de arranxos sobre músicas de raíz con vistas a que a práctica e, polo tanto, o coñecemento da música tradicional galega servira como base para o desenvolvemento dos contidos sobre o fenómeno musical (ritmo, melodía, harmonía, forma, xéneros...), de xeito que cada novo aprendizaxe estivera baseado nunha peza de ámbito tradicional que o ilustrara.

Porén, progresivamente, daquela advertimos a posibilidade de estender este principio de actuación cara á elaboración dunha programación de aula completa. Así, asumimos a metodoloxía de proxectos para levar a cabo Unidades Didácticas Integradas que servirían como modelos á hora de asumir, en todo ou en parte, a nosa programación nos centros educativos. Dese xeito, e continuando nesta edición co 6º curso, o profesorado atopará no plantexamento de cada UDI non só as actividades e os materiais para levalas

a cabo, senón a concreción curricular, avaliación, rúbricas e demais elementos propios dunha programación realizada en base aos principios establecidos pola LOMCE. Ademais, tivemos en conta a avaliación por competencias clave (segundo ECD 65/2015 de 21 de xaneiro) e a presenza dos elementos transversais do currículo, se ben nas UDI non se especifican todos (dado que son demasiados os recollidos no RD 126/2014), senón unha selección deles.

No que se refire á concreción dos elementos curriculares tivemos en conta as directrices do RD 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria, no sentido de respectar a formulación presente nel en todos os niveis de concreción curricular. Así, partimos dos elementos curriculares establecidos no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e distribuímos todos os elementos curriculares entre as diferentes UDI que integran a nosa programación. Só modificamos o presente no Decreto á hora de facer a secuencia dos estándares de aprendizaxe en rúbricas para a avaliación, tomando como punto de partida a existencia de catro indicadores de nivel de carácter progresivo.

No que se refire ás outras áreas (ou ao ámbito de Educación Plástica dentro da Educación Artística) implicadas en cada proxecto, decidimos non desenvolver actividades nin rúbricas para elas, máis aló dalgunha pequena indicación metodolóxica, ao non ser da nosa especialidade. Si respectamos, para cada unha, a concreción curricular e a secuencia por cursos do Decreto Autonómico.

En cada UDI tratamos, ademais dos arranxos previstos, unha serie de coñecementos sobre a nosa música que abranguen persoeiros e agrupacións significativos na historia da música galega, instrumentos ou xéneros musicais. Para outorgarlle un fío condutor aos contidos, empregamos como centro de interese os Ciclos Anuais. Os materiais presentados son de moi diverso tipo, extensos, con vistas a variar as actividades en centros de máis dunha liña ou, mesmo, para cambiar en anos sucesivos; intentamos que foran versátiles e de aplicación sinxela.

O seu grao de dificultade non é excesivo, sempre que se considere a súa pertenza a unha secuencia progresiva dentro da programación da Educación Musical para toda a etapa, e non de xeito independente.

A elección do 6º curso non é casual. Partimos dun nivel no que o grao de desenvolvemento musical é elevado, continuando o xa realizado por nós para 5º, o que permite afondar bastante no coñecemento musical e proporcionar uns materiais elaborados. Á hora da elección do nivel supuxemos que o profesorado tería recursos dabondo para abordar o ensino doutros cursos inferiores.

Nese senso faise preciso aclarar que o noso plantexamento non é algo illado, senón que conformará no futuro un deseño global, dende unha programación de centro que inclúa as UDI para cada un dos cursos da etapa primaria. A nosa idea é ir completando os niveis, tras os 5º e 6º cursos xa deseñados, conforme podamos volver a solicitar unha licenza de formación deste tipo.

Esperamos que o noso traballo sexa de utilidade. Un agarimoso saúdo.

Juan Casado e Javier Jurado.

### **UDI1. «Hei d'ir á túa seitura»**

Esta UDI ten como función servir de avaliación diagnóstica tras a volta ao centro despois das vacacións estivais. Os contidos tratados non aportan nada novo sobre o xa coñecido, senón que parten dun repaso do anterior.

O Ciclo Anual tratado corresponde as tarefas agrícolas do verán, presentadas a través dun canto de seitura e dun canto de oficios que vaise perdendo, como a profesión que o orixinou: o canto de arrieiro.

A relación con persoeiros concretos baséase na recollida realizada na nosa terra por Alan Lomax, quen recolleu cantos de arrieiro, de canteiro, pandeiradas, muiñeiras, alalás... na súa viaxe por España. As gravacións realizadas en Galicia foron publicadas en disco, de feito.

Aproveitamos a importante cantidade de cantos de arrieiro presentes na rede para facer audicións comparadas, aínda que todas comparten unhas características comúns.

No que se refire a un instrumento presentamos a requinta, evolución da frauta traveseira barroca na nosa terra, e un dos poucos instrumentos desta tipoloxía que posúen unha orixe popular.

En canto aos conceptos musicais esta unidade retoma algúns dos aprendidos en cursos anteriores, como o acompañamento en ritmo métrico con vistas a coincidir na interpretación (toda vez que xa incidimos no concepto de ritmo libre nas explicacións e

audicións). A melodía, de ámbito curto, é moi asumible para o alumnado. Coa frauta supón practicar sobre o xa coñecido, engadindo a nota si bemol. No que se refire á harmonía, ampliamos os conceptos tonais coñecidos empregando acordes substitutivos coa mesma función e unha concepción global máis arriscada que en cursos anteriores no que se refire ao emprego de disonancias. Os *ostinati* xa non son tan sinxelos como nos cursos precedentes. A forma de canción estrófica e a textura de monodia acompañada axudan a interiorizar as pezas, se ben as melodías non son tan cadradas como antes.

## UDI2. «Samaín non é Halloween»

Nesta UDI trataremos do magosto, enlazando co ciclo de Santos para levar adiante un proxecto de recollida de contos e lendas, así como de músicas de temática narrativa, con atención aos romances e as súas diferentes tipoloxías. Nel poderán participar outras áreas achegando contos e lendas, ou ben realizando lecturas guiadas.

Para realizar a investigación proporcionamos ao profesorado unha serie de fichas coas explicacións pertinentes que faciliten ao alumnado encher os campos. A idea é que o arquivo da aula, ou do centro, vaia sendo maior conforme pasen os cursos e diferentes promocións realicen esta actividade, de onde se desprende a relación coa UDI «Contos na lareira» do curso anterior; deste xeito, aumentará o patrimonio de recollida do centro, involucrando ás familias, á contorna e aos responsables culturais do concello, asociacións, etc.

Abordaremos os contidos desta UDI empregando o tipo de romance vello, un en castelán e outro en galego, arredor dunha mesma temática que permite detectar e actualizar conceptos patriarcais presentes no folclore, coa necesaria revisión das letras e o seu sentido para facelas máis actuais.

Incidiremos na sonoridade do modo eólico e o compararemos co modo menor. Para apreciar así as diferencias entre ambas escalas. No arranxo de *Estando la blanca niña* dispuxemos o instrumental nun arranxo que continúa a tendencia de dificultade inherente ao noso curso. Porén, para *Estando na miña porta* consideramos unha actualización ás músicas urbanas que, polo seu sentido rítmico, atraen ao alumnado. Quixemos, así amosar versións de músicas diversas pero sempre inspiradas no folclore.

No que respecta a persoeiros destacados, abordamos o coñecemento do mestre e recompilador Manuel Rico Vereá. O instrumento a estudar será a guitarra que, aínda afastado da música étnica galega, si ten representación dabondo na popular e no folk.

### **UDI3. «A Belén camiña »**

Esta UDI se encadra no ciclo anual de Nadal, do que hai información escrita e vídeos nos materias do curso. Para traballalo, o alumnado interpretará vocal e instrumentalmente unha peza de harmonía complexa, *Nadal de luintra*, do grupo Berrogüetto.

O proxecto baséase na celebración dun festival fin de trimestre onde interpretarán unha das pezas traballadas nel.

O instrumento a coñecer será de grande interese para o alumnado, debido á súa similitude coa fruta escolar: o pito pastoril galego.

### **UDI4. «Eses dous que andan no baile»**

Esta UDI está relacionada co Día Escolar pola non Violencia e a Paz, no que realizaremos un festival de danzas do mundo. Traballaremos agrupamentos interniveis, de xeito que o noso alumnado aprenderá unha danza aos do 2º curso do centro, os *Sete saltos* (Dinamarca). Con esa excusa, achegarémonos ao baile equivalente vasco, *Zazpi jauzi* (sete pasos) e a un baile galego, *O Galandún*. Para completar o interese polos bailes e danzas españolas, e considerando a relación coas autonomías que posúen, como Galicia, idioma propio, engadiremos o *Ball de la castanya* de Cataluña, que o alumnado bailará, tocará e cantará.

O instrumento, común a todas as culturas tratadas, será o acordeón que, en diversas variedades, abunda nos folclores mundiais e, mesmo, na nosa terra.

### **UDI5. «En Galicia, en galego»**

Nesta UDI, próxima a Letras Galegas, o alumnado fará un Festival e exposición sobre a nosa cultura. Tocaré coa orquestra escolar e coas frutas e cantará sobre soportes diversos.

Para tocar, realizarán un arranxo da peza de Bieito Romero *O son do ar*, nun arranxo que recolle, ademais da peza popularizada polo grupo que lidera, Luar na Lubre, polo músico internacional Mike Oldfield en *Voyager*. A idea é apreciar a riqueza do modo dórico e a súa alternancia co eólico.

En relación ao xénero da balada galega, cantarán e tocarán a frauta sobre a base harmónica dunha das máis grandes pezas compostas no xénero: *Negra Sombra*, de Xoán Montes.

### **UDI6. «O Camiño de Santiago»**

Nesta UDI traballaremos sobre o Camiño de Santiago, interpretando (coa voz e os instrumentos) o *Canto de chirimías* da Catedral, que foi recreado polos Coros Galegos. Así, aproximaremos aos repertorios destas agrupacións (cantos de labor -pechando o curso como o abrimos-, cantos de San Xoán e, sobre todo, foliadas).

Faremos labor de recollida, tal e como fixemos noutras unidades, relacionado co Ciclo Anual e cos cantos de festa.

Tras estudar o Camiño (especialmente se unha das rutas pasa próxima ao centro), faremos unha exposición con todo o recollido e unha saída didáctica a Santiago de Compostela para ver, entre outras cousas, os instrumentos musicais do Pórtico da Gloria da Catedral.

Como é esperable, os materiais complementarios teñen que ver co estudado nesta UDI: O Camiño de Santiago, o canto dos peregrinos (*Ultreia*), o Pórtico da Gloria, o escenógrafo Camilo Díaz Baliño e o *Ordo Prophetarum*, drama litúrxico medieval asociado ao Pórtico. Non esquecemos á Coral de Ruada, que neste 2019 (no que elaboramos estes materiais) celebraba o centenario do seu nacemento; por iso, decidimos escoller a foto daquela primeira formación como presentación de *Fía, fía, fía na roca*, edición para 6º de Primaria. Parabéns!